

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE TORDOIA 2026

1. DENOMINACIÓN

“Concurso de disfraces Entroido de Tordoia 2026”

2. OBXECTIVOS

Celebración do Entroido, festa típica da nosa comunidade autónoma, o noso concello pretende consolidar dita celebración ano tras ano cunha programación de varias actividades onde destaca o concurso de disfraces que se celebra o martes de Entroido.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe dos premios previstos nestas bases imputarase a cargo á partida 338.480.00 con gasto por importe de 920 euros.

4. DOCUMENTACIÓN ADICIONAL A PRESENTAR POLOS CONCURSANTES

Na solicitude de participación deberá indicarse no apartado de documentación adicional:

1. Nome do disface.
2. Indicacións da música que necesitan ou se achegan a propia

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes rematará 1 hora antes da data e hora de celebración do concurso.

Unha vez se entreguen os dorsais e se inicie o concurso xa non se poderán facer inscricións.

Non se poderá participar en 2 categorías distintas no concurso. Quen se inscriba e participe en 2 ou máis categorías quedará descalificado/a en todas as categorías nas que se presentara.

Para aclaracións ou dúbidas en canto ás solicitudes para o concurso, poden poñerse en contacto co Ximnasio Municipal no 618226667 sempre dentro do prazo establecido.

6. OBRIGAS ADICIONAIS DOS CONCURSANTES

A hora prevista do concurso será ás 17:30h (no pavillón polideportivo), a continuación os participantes desfilarán ou actuarán dependendo de cada quen diante do xurado no interior do pavillón de deportes para proceder a súa valoración.

A música para as actuacións é preciso presentala ou indicala no momento da inscrición.

A recollida do dorsal realizarase o día do concurso no pavillón polideportivo de 16:30 a 17:00h, será obrigatorio recoller o dorsal nese horario para poder participar no concurso. As actuacións ou postas en escena diante do xurado terán un máximo de duración de 3 minutos.

7. PREMIOS

CATEGORÍA INFANTIL INDIVIDUAL (MENORES DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 80 euros
- Segundo premio: 50 euros
- Terceiro premio: 30 euros

CATEGORÍA PERSOAS ADULTAS INDIVIDUAL (A PARTIR DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 80 euros
- Segundo premio: 50 euros
- Terceiro premio: 30 euros

CATEGORÍA GRUPO INFANTIL (2 OU MÁIS PERSOAS MENORES DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 150 euros
- Segundo premio: 90 euros
- Terceiro premio: 60 euros

CATEGORÍA GRUPO ADULTO (2 OU MÁIS PERSOAS E UNHA DELAS MAIOR DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 150 euros

- Segundo premio: 90 euros
- Terceiro premio: 60 euros

8. ÓRGANO INSTRUTOR

Concellería de Deportes e Cultura

9. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará integrado por persoas pertencentes a diferentes colectivos do Concello de Tordoia.

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase a orixinalidade, laboriosidade e deseño do disfrace así como a simpatía ou a posta en escena de cada participante, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

Mándao e asíno a Sra Concelleira de Deportes e Cultura a cinco de febreiro de 2026, do que eu Secretario accidental dou fe e traslado.

A Concelleira
María del Mar García González
(asinado dixitalmente)